

AXUDAS Á DIXITALIZACIÓN DA INDUSTRIA 4.0 (IG300C)

Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE



CONECTA OURENSE

RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas á dixitalización Industria 4.0 para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva (código de procedemento IG300C). [Vínculo directo ao DOG](#)

OBXECTO E TIPOS DE PROXECTOS

OBXECTO. Axudas destinadas á posta en marcha de proxectos de dixitalización para a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos dunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre empresas galegas.

REQUISITOS DOS PROXECTOS. Poderán ser de dous tipos:

- a) **Proxectos colectivos** nos que un grupo de empresas aborda un dos seguintes proxectos:
 - Utilizar e implantar un determinado sistema nas súas interaccións dixitais
 - Implantación dun sistema de dixitalización dalgún proceso ou xestión integral, especificamente deseñado ou desenvolvido para o seu ámbito de actividade.
- b) **Proxectos individuais** nos que unha peme aborda un dos seguintes proxectos:
 - Desenvolvemento dunha interface dixital ou a implantación dunha xa existente.
 - Sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados e ciberseguridade.
 - Implementación de sistemas encamiñados á dixitalización de procesos concretos ou de xestión integral.

Os proxectos da modalidade a) terán preferencia sobre os da modalidade b). **O gasto subvencionable mínimo dos proxectos deberá ser de 12.000€ para os proxectos individuais e de 10.000€/participante no caso dos proxectos colectivos.**

BENEFICIARIOS

Pemes e autónomos cun centro de traballo en Galicia no que se vaia realizar o proxecto.

As pemes poderán solicitar proxectos individuais. Para os proxectos colectivos, deberase constituír unha agrupación de polo menos dúas pemes cun centro de traballo en Galicia. Unha vez concedidas as axudas, cada unha delas serán independentes para a xustificación e liquidación da súa axuda. As empresas vinculadas contarán como unha única.

EXCLUÍDOS.

- Empresas do sector da pesca e a acuicultura, da produción agrícola primaria, sector do aceiro, sector do carbón, sector da construción naval, das fibras sintéticas, transportes e infraestrutura conexas, a produción e distribución de enerxía e sector das infraestruturas enerxéticas.
- Empresas que presten os mesmos servizos de dixitalización.
- Agrupacións de persoas físicas, comunidades de bens ou calquera tipo sen personalidade xurídica propia (aínda que realice actividade empresarial).

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

- Investimentos materiais e/ou inmateriais novos adquiridos en propiedade (conta contable do grupo 2). Exclúese a adquisición e acondicionamento de inmobles, gastos de mobiliario, medios de transporte, equipamento de oficina e o equipamento TIC básico.
- Servizos de consultaría externa de carácter tecnolóxico ou organizativo (conta contable do grupo 6): asistencia técnica e consultaría directamente relacionada coa execución do proxecto. Non se inclúen actividades permanentes ou que estean relacionadas cos gastos de explotación.

REQUISITOS DOS PROXECTOS

- As pemes beneficiarias deberán achegar unha **contribución financeira de polo menos un 25% do importe subvencionable**, xa sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.
- Os investimentos e gastos subvencionables **non poderán ter comezado antes da presentación** da solicitude da axuda no Igape e **manterase no centro de traballo en Galicia durante os 3 anos** seguintes ao remate do prazo de execución.
- O prazo de execución comprenderá

CONTÍA E PRESENTACIÓN DA AXUDA

A subvención será do **35% dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e do 25% para as medianas**. A subvención será do 50% dos gastos servizos de consultaría subvencionables para ambas categorías de empresa. A documentación deberá presentarse por **medios electrónicos na [oficina virtual do IGAPE](#)**.

Prazo de presentación de solicitudes: dende 06/06/2023 ás 08:00 ata o 05/07/2023 ás 14:00 horas.

O prazo de execución dos proxectos de dixitalización Industria 4.0 non poderá superar o 30 de xuño de 2024.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Memoria descritiva do proxecto.
- As tres ofertas que, se é o caso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deban ter solicitado, de acordo co establecido no artigo 5.7 destas bases reguladoras.
- Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, e modificacións posteriores destes.
- Poder da persoa representante que presenta a solicitude.
- Para subvencións de importe superior a 30.000 €, as persoas beneficiarias deben cumprir coa normativa en materia de prazos a provedores, o que se acreditará de acordo co Anexo V.
- Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente, segundo o Anexo VI a estas bases.

CRITERIOS DE AVALACIACIÓN

1. **Calidade técnica do proxecto: ata 60 puntos**, que se avaliarán con:

- a. Descrición do proxecto (15 puntos):
 - i. Grao de análise previa da situación: descrición do problema e do contorno (6 puntos).
 - ii. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos)
 - iii. Grao de elaboración e concreción da proposta (3 puntos).
- b. Adecuación do proxecto (20 puntos):
 - i. Descrición de aspectos claves, actuacións, entregables e solución (10 puntos)
 - ii. Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).
 - iii. Viabilidade técnica e económica, custo da solución e tempo de implementación, adecuación do orzamento e dos medios humanos (5 puntos).
- c. Tipo de solución e melloras esperadas: (20 puntos)
 - i. Estimación cualitativa e cuantitativa das melloras esperadas, que se avaliará en función da coherencia entre o proxecto e os resultados previstos. (5 puntos)
 - ii. Xustificación do provedor escollido e o tipo de solución adoptado. (10 puntos)
 - iii. Amplitude da solución proposta, grao de madurez e nivel tecnolóxico (5 puntos).
- d. Proxectos con importe subvencionable superior a 50.000 € e que sexan coordinados por un *hub* de innovación dixital dos seleccionados ao abeiro da Estratexia galega de HID: (5 puntos).

2. **Adecuación dos investimentos e capacidade económica (15 puntos)**:

- a. Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (2 puntos)
- b. Calidade de ofertas e provedores (9 puntos): alcance das ofertas; solvencia do provedor; documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.
- c. Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa (4 puntos).

3. **Alcance do proxecto**: ata 10 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- a. Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 punto por empresa ata un máximo de 5.
- b. Nivel de interacción dos procesos entre empresas: ata 5 puntos, que se asignarán en función da cantidade e importancia de procesos interempresariais aos que se apliquen os obxectivos previstos. Nos proxectos individuais outorgarase 1 punto.

4. **Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto**: 10 puntos, que se outorgarán a proxectos onde a maioría das empresas que participen pertencen a sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- a. Estratéxicos: agro-alimentación, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.
- b. Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, Industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, eco-industria, TIC.

5. **Proxecto en concello emprendedor**: 5 puntos.


Os proxectos deberán acadar as seguintes puntuacións mínimas:

- **Proxectos colectivos: mínimo 60 puntos**
- **Proxectos individuais: mínimo 40 puntos.**

OFICINA CONECTA VALDEORRAS

 Plaza del Ayuntamiento, núm. 2
32300, O Barco de Valdeorras
Ourense


 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

OFICINA CONECTA VERÍN

 Rúa Doctor González Prada, núm. 5 Bajo
32600, Verín
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

